



**Francisco Luengo**

Nado na Coruña, comezou a aprender a viola da gamba con José Vázquez en 1981, ingresando na Hochschule für Musik de Viena en 1988.

Desde a súa creación, dirixiu Capela Compostelana, un grupo dedicado á recuperación e difusión da música barroca e renacentista. Nesta área Capela Compostelana publicou dous discos compactos, *José de Vaquedano* ed. Edigal e *Villancicos a Santiago* ed. Fonti Musicali) dedicados integramente á obra de José de Vaquedano (1642-1711), un dos principais compositores españois do século XVII, que foi "Mestre da Capela" da catedral de Santiago de Compostela.

No 2000 fundou e dirixe o grupo Malandança que interpreta música medieval con instrumentos orixinais, froito do seu traballo como investigador e constructor no campo da organoloxía medieval europea. Con Malandança publicou o disco *Unha noite na corte do Rei Affonso* ed. Clave Records e *Mya Senhor Velida* ed. Brilliant Classics, gravación esta que foi nomeada en 2019 aos prestixiosos premios ICMA na categoría de Música Antiga.

Foi nomeado profesor de viola da gamba no curso Camiño de Santiago, Cánticos, Cantigas e Cantos, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, dedicado a interpretación da música barroca con instrumentos orixináis.

En 2004 transcribiu, coordinou e dirixiu o drama litúrxico medieval *Ordo Prophetarum*, representado durante anos na noite do 30 de decembro na catedral de Santiago de Compostela. Foi editado en DVD polo Consello da Cultura Galega.

En 2009, xunto con Xurxo Varela, publicou o CD *My Singular Entertainment, and Delight* ed. Actus, que contén música inglesa para o dúo de violas da gamba do século XVII, con obras de Ch. Simpson, J. Jenkins. e outros autores. De novo con Xurxo Varela publica en 2013 *Le Nymphe di Rheno* ed ACTUS, un CD dobre coa integral das doce sonatas a dúo de Jean Schenck (1660 ± 1712).

En Decembro de 2014 participou impartindo master classes no 1º Encontro Ibérico de Viola da Gamba, organizado pola ESMAE de Porto (Portugal).

Desenvolve un intenso traballo en cursos, conferencias, exposicións e publicacións (*El Pórtico de la Gloria, Música, Arte y Pensamiento*, publicado por

Cuadernos de Música en Compostela, *Los Instrumentos del Pórtico de la Gloria*, publicado polo Fundación Barrié de la Maza, *Instruments à cordes du Moyen Age*, CERIMM, Fondation Royaumont, editado por Créaphis, *Instruments de Corda Medievais*, editado pola Deputación Provincial de Lugo), e no 2022 *O Eco das Estrelas* editado por Editorial Canela. Ten unha forte actividade en conferencias e exposicións.

Colabora habitualmente con outros grupos dedicados á música antiga, cos que realizou gravacións, concertos e xiras por varios países de Europa, Asia, América e África.